

# RESPOSTA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL ANTE A CONSULTA SOBRE AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN ESPECÍFICAS NOS CENTROS E ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS POLA COVID-19 (29/01/2021)

---

A [Orde do 26 xaneiro](#) non establece ningunha medida específica respecto de centros, servizos e establecementos sanitarios e de servizos sociais, polo que **continúa vixente o apartado 4 da Orde do 12 xuño na súa versión consolidada** en todos aqueles aspectos que non contradín o establecido na Orde do 26 de xaneiro.

Deste xeito, e a modo de resumo da citada normativa, indicámoslles que:

## 1. Continúan abertos os seguintes centros, servizos e establecementos de servizos sociais:

- Os servizos e centros de atención á infancia, como escolas infantís 0-3, puntos de atención á infancia, casas niño, espazos infantís e ludotecas.
- As residencias de tempo libre.
- Os espazos xoves. Cómpre destacar que nestes centros lévanse a cabo unha ampla variedade de actividades (de tempo libre, culturais, etc.) que quedan restrinxidas pola Orde do 26 de xaneiro, polo que neste momento están abertos unicamente para atención de consultas e trámites.
- Os albergues e campamentos xuvenís dependentes da Consellería de Política Social, nestes momentos sen actividade.
- As residencias xuvenís
- Os servizos de conciliación de carácter grupal complementarios de programas de inclusión social

## 2. Continúan tamén abertos coa seguinte limitación de capacidade ou ocupación:

- Os centros de atención social continuada, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.
- Os comedores sociais, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.
- As actividades formativas e demais actuacións grupais de inclusión, ata o setenta e cinco por cento da capacidade.
- As escolas de educación no tempo libre, reguladas no Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e se actualiza a normativa vixente en materia de xuventude. Neste caso, e tras as sucesivas ordes publicadas pola Consellería de Sanidade, as ETL, por seren centros privados de ensino non regrado, considéranse englobadas desde hai meses no apartado 3.9. Actividades en academias, autoescolas e centros privados de ensino non regrado e centros de formación, onde xa se establece unha redución do 50% do aforo máximo permitido. Pode verse [actualizado na páxina web](#).

## 3. Os demais centros e servizos non citados expresamente nunca deixaron de ter actividade, polo que continuarán a aplicar no seu funcionamento as normas, protocolos e acordos aprobados polas autoridades autonómicas competentes.

En concreto, e en canto aos centros de inclusión non mencionados especificamente na normativa, confirmase que continúan abertos os albergues e centros de acollida de inclusión social, así como os centros de día de inclusión social, neste último caso ata o setenta e cinco por cento da capacidade.

## 4. En relación cos servizos e recursos de protección á infancia e de reforma de menores infractores, infórmase así mesmo que con data 26 de xaneiro e en coherencia coas novas medidas sanitarias, remitiuse a todas as Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social

para a súa difusión, a instrución xenérica de suspensión de permisos e saídas para os nenos, nenas e adolescentes en situación de acollemento familiar e residencial e para os que cumpran medidas xudiciais, coa excepción daqueles casos que, de acordo co criterio técnico, se considere preciso realizar estes contactos para non prexudicar os procesos de reintegración, vinculación ou avances terapéuticos.

Así mesmo, respecto da **actividade dos Puntos de Encontro Familiar**, remitíronse instrucións sobre a importancia de manter a prestación do servizo presencial para permitir os intercambios ou visitas derivadas do mandato xudicial agás nos casos nos que houbera acordo entre as partes. Deste xeito, elimínouse - en concordancia co exposto anteriormente - toda a actividade destes puntos de encontro derivada do sistema de protección.

En canto estimen oportuno, poden trasladar e darlle a difusión que consideren ás súas entidades.

Sen outro particular, reciban un cordial saúdo.

**Secretaría da Conselleira de Política Social.**